

A campaña europea 'Water of the future' promove hábitos sostibles no Día Mundial da Auga

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade áchase entre os impulsores desta iniciativa que inclúe desde un spot televisivo ata concursos fotográficos

Pontevedra, 22 de marzo de 2022. Un camelo camiña pola cidade mentres unha voz alerta sobre a contaminación da auga e a escaseza deste recurso, vital para o ser humano. Entón, o camelo asoma a cabeza pola fiestra dun baño onde unha moza lava os dentes sen pechar a billa. Ela decátase do estrago e corta o fluxo, porque o animal pode sobrevivir máis de tres semanas sen auga, pero nós “non somos camelos”. Esta **mensaxe de consumo responsable** centra a campaña '[Water of the future](#)', que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade impulsa canda entidades doutros oito países e que se lanza hoxe, Día Mundial da Auga, cun *spot* que será emitido en *prime time* na TVG e nas canles do grupo Atresmedia.

O [vídeo](#) circula xa polas redes sociais, nas que a campaña continuará activa a través de diferentes historias, datos e imaxes que buscan concienciar sobre a necesidade de protexer este elemento. O obxectivo central é **situar na axenda pública a problemática** da escaseza de auga a nivel global e as súas graves consecuencias, así como fomentar hábitos sostibles cos que cada persoa e cada comunidade pode contribuír a mitigar esta situación, desde encher ben a lavadora e o lavalouza ata reducir a inxestión de carne. Neste senso, chámase a atención sobre a **pegada da “auga invisible”**, aquela que se consume na produción das nosas roupas, alimentos, dispositivos, vehículos, etc.

A iniciativa encádrase no proxecto europeo 'People & Planet', que envolve a medio cento de concellos socios do [Fondo Galego](#) na realización de actividades para implicar á xente nova na loita contra o cambio climático. Neste marco, algúns dos Consellos Climáticos Xuvenís creados en catro municipios están a organizar as súas propias actividades para lembrarnos que **sen auga, non hai futuro**. No caso do Concello das Neves, por exemplo, alumnado do IES Pazo da Mercé creou unha exposición de murais elaborados con material de refugallo, mentres que no Concello da Guarda a rapazada convocou un [concurso de fotografía](#).

Cómpre lembrar que, aínda que no noso día a día non percibamos a carencia de auga, a nivel global 21 das 37 reservas subterráneas están a esgotarse rapidamente e o 80% das augas residuais volven ao ecosistema sen seren tratadas ou reutilizadas. Ademais, a contaminación agravouse en case todos os ríos de África, Asia e Latinoamérica. Estímase que en 2025, non

haberá bastante auga para que a agricultura produza alimentos suficientes para todas as persoas e que en 2050 a metade da poboación mundial vivirá en zonas afectadas pola escaseza de auga. Son só algúns dos datos que se ofrecen na campaña 'Water of the future', que entronca ademais cos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**, en particular co [ODS 6](#), que avoga por garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sostible.

#PeopleAndPlanet

O proxecto '[People & Planet](#): un destino común' ten como obxectivo concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. A iniciativa, que botou a andar en novembro de 2020 e que se prolongará durante catro anos, busca tamén reforzar aos gobernos municipais na promoción de políticas a prol do desenvolvemento sostible, tendo en conta a interdependencia local-global. Procúrase así contribuír a implementar a [Axenda 2030](#), en especial o **ODS 13**, que chama a adoptar medidas urxentes para loitar contra o cambio climático e os seus efectos. O plan está financiado polo programa DEAR da Comisión Europea e involucra a 19 entidades de Galicia, Portugal, Alemaña, Irlanda, Italia, Polonia, Romanía, Países Baixos e Cabo Verde.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 100 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego chega ao seu 25 aniversario tendo desenvolvido máis de 170 proxectos en 32 países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 616 145 077

comunicacion@fondogalego.org

